

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2011**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 22 de xuño de 2011.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.-** Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación e apertura dun taller de mecanizado na rúa dos Carpinteiros, parcela 98, subparcela A2-2.

Acórdase a denegación da licenza de instalación e apertura para cafetería restaurante na rúa Nicomedes Pastor Díaz, número 41-baixo, e Castelao, número 90, plantas semisoto, baixo, 1ª e 2ª.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, nas seguintes condicións I.B.3.1.2 ámbito interior, I.B.3.1.3, solicitada para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa do Buxo, número 23.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, nas seguintes condicións: I.B.3.1.2, I.B.3.1.3, I.B.3.2.1 e I.B.3.3., solicitada para a actuación de instalación de ascensor no edificio existente na rúa Doutor Gasalla, número 18.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Couto Grande, número 15, parcela 58, polígono 2, sector SUR-B, Louzaneta-Areeiras; para reforma de centro de comunicacións con licenza número 57/02, consistente na creación dun centro de conmutación dentro do mesmo local, na rúa Erín, número 18, baixo; para instalación de elevador e escaleira de acceso á planta primeira dende a planta baixa, no edificio sito en solo urbano, con licenza número 435/66, así como legalización da ampliación do fondo da planta baixa, e terrazas de vivendas en planta primeira, na rúa Perpetuo Socorro, número 44; para apertura de oco lateral e colocación de portón metálico na nave con licenza de obra número 955/04, na rúa das Costureiras, número 19; para ampliación de estacionamento de vehículos ao aire libre con licenza 91/2011, para un total de 208 prazas no barrio de Galegos, s/n, parcela 128; para acumulación e estendido de terras procedentes de obra de acondicionamento de plataforma da C.P. 2910 “De Tolda de Castilla a Castelo”, na leira sita en solo rústico, Bosende, polígono 515, parcela 142; para instalación de fosa de xurro na Aldea de Abaixo-Rubiás e para legalización de modificacións de edificio en execución con licenza anterior número 84/2010 (para ampliación de vivenda comunitaria, con licenza anterior 978/04, para a súa transformación en fogar residencial), consistindo as modificacións en cambio de localización dentro da parcela, cambio no trazado de rampla de acceso ao soto, modificación de superficies en todas as plantas e execución de muro de contención de terras, dentro da propia parcela, no núcleo rural tradicional de Pena da Mula, número 3, Parroquia de Santiago de Piúgos.

Así mesmo, acórdase a concesión da licenza de primeira utilización para o edificio sito na avda. Afonso X O Sabio, 35-37, con licenza de obra 693/98.

**3. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación inicial do Proxecto de urbanización do polígono número 3 do Sector Sur-B (Louzaneta-Arieiras).

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**4. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito a Tesourería e a aprobación da forma de compensación.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**5. CONTRATACIÓN.-** Acórdase a revisión de prezos do contrato suscrito coa empresa encargada da prestación do servizo de mantemento diario dos contidos do Portal municipal para o período que vai do 26 de marzo de 2011 ata o 25 de marzo de 2012.

Acórdase a desestimación do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa licitadora Catoure sociedad limitada contra o acordo de exclusión do procedemento para a contratación do servizo ao Concello de Lugo para a prestación dos servizos complementarios e de colaboración á xestión recadatoria municipal en período executivo, para a xestión administrativa e recadación das multas de tráfico, de colaboración na xestión en materia de inspección e colaboración na xestión en materia catastral.

#### **ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E XUVENTUDE**

**6. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a denegación das solicitudes de inclusión nos contratos de alugamento.

Tamén se acorda a subrogación no contrato de alugamento asinado o 1 de xullo de 2010, sobre a vivenda sita na rúa Santo Graal, 147, 1º C, en Lugo.

Lugo, 30 de xuño de 2011  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García